

ECONOMÍA

CONTIDOS, SECUENCIA E TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN

Unidade didáctica 1: A actividade económica e los sistemas económicos.

Contidos.

Tema 1: A economía e a actividade económica.

- * A actividade económica.
- * Concepto de economía. A economía como ciencia, microeconomía e a macroeconomía.
- * A actividade económica e as necesidades : o problema da escaseza. (presuposto familiar)
- * Os bens e servizos: clasificacións
- * Custo de oportunidade e a necesidade de elixir. A fronteira de posibilidades de produción.
- * As escolas económicas.

Tema 2: Os axentes económicos e os recursos produtivos.

- * Os recursos ou factores produtivos: terra, traballo e capital. A súa retribución
- * Os axentes económicos na economía. Tipoloxía.
- * Os sectores económicos. Actividades que engloban .

Unidade didáctica 2: Producción e interdependencia económica

Contidos

Tema 3: Os sistemas económicos

- * Definición de sistema económico.
- * Sistema económico capitalista ou de economía de mercado. Características, vantaxes e inconvenientes.
- * Sistema económico de planificación centralizada. Características, vantaxes e inconvenientes.
- * Economías mixtas. Características, vantaxes e inconvenientes.
- * Limitacións do mercado como distribuidor de recursos

Unidade didáctica 3: Intercambio e mercado.

Contidos

Tema 4: Comportamento económico do consumidor

- * Os consumidores e a demanda de bens e servizos.
- * A curva de demanda individual e do mercado.
- * Desprazamentos da curva de demanda
- * A elasticidade da demanda.
- * Relación entre elasticidade da demanda e ingresos das empresas.

Tema 5: A actuación económica da empresa

- * O obxectivo da empresa.
- * O proceso produtivo: a produción e os seus custos a longo e curto prazo

- *División do traballo, produtividade e interdependencia.
- *Eficiencia técnica e económica.
- *A oferta dos produtores.
- *As curvas de oferta individual e de mercado
- *Desprazamentos da curva de oferta.
- *Elasticidade da oferta.
- *O equilibrio do mercado. Cambios no mesmo.

2ª AVALIACIÓN

Tema 6: Modelos de mercado.

- *Estruturas de mercado:
 - A competencia perfecta. Requisitos para que se de. Tipo de beneficios,...
 - A competencia imperfecta:
 - Oligopolio: características. O cártel e as guerras de prezos.
 - Monopolio: características. Formas de que xurdan.
 - Competencia monopolística. Características.

Unidade didáctica 4: Magnitudes e variables macroeconómicas

Contidos

Tema 7: A macroeconomía e as macromagnitudes.

- *A Macroeconomía . Obxectivos.
- * O fluxo circular da renda
- *A medida do produto nacional.
- *A orixe do P.I.B e o seu cálculo: dende o punto de vista do gasto, da produción e da renda. Produción intermedia e final.
- * Relación entre macromagnitudes:
 - Produción a custo de factores e a prezos de mercado
 - Produto interior e nacional
 - Produto bruto e neto.
 - Produto nacional.
 - A Renda nacional. A Renda Persoal e a Renda Dispoñible
- *Valores reais e nominais.
- *Os ciclos económicos: a Oferta e a Demanda Agregadas.

Unidade didáctica 5: A intervención do Estado na economía.

Contidos

Tema 8: A intervención do sector público na economía.

- *O presuposto nacional.
- *Os ingresos públicos. Os impostos: concepto e clasificación.
- *Os gastos públicos.
- *O déficit do sector público.
- *Funcións do sector público.
- *Instrumentos básicos da intervención económica do Estado. A política económica.
- *A política fiscal. Tipos e posturas das escolas económicas

- *Os estabilizadores automáticos.
- *Redistribución de renda.
- * O Estado do benestar.

Unidade didáctica 6: O Crecemento Económico

Tema 12: O desenvolvemento, o subdesenvolvemento e o desenvolvemento sostible.

- *Crecemento económico e desenvolvemento: factores que contribúen a acadalo, e consecuencias.
- *Subdesenvolvemento económico: Os problemas dos países subdesenvolvidos: a superpoboación, a inmigración incontrolada, a fame e a pobreza, a débeda externa,... O círculo vicioso da pobreza.
- * Os problemas medio- ambientais.
- * O desenvolvemento sostible: loita contra o cambio climático. Repercusións económicas.

3ª AVALIACIÓN

Unidade didáctica 7: O diñeiro e os bancos: o financiamento da economía.

Contidos

Tema 9: O diñeiro e a inflación.

- *O diñeiro. Evolución histórica , funcións, definicións e clases.
- *O proceso de creación de diñeiro bancario.
- *O prezo do diñeiro: O tipo de xuro.
- *A inflación: a súa medición, tipos , causas e efectos.

Tema 10: O sistema financeiro e a política monetaria

- * Sistema financeiro español: os intermediarios financeiros bancarios e non bancarios.
- * Os mercados financeiros.
- * Os instrumentos financeiros utilizados polos axentes económicos.
- * A Bolsa de Valores
- * A política monetaria do sector público
- * A política monetaria na zona euro: estratexias e instrumentos
- * Posicións das escolas económicas sobre a política monetaria

Unidade didáctica 8: O mercado de traballo e o desemprego.

Contidos:

Tema 11: O mercado de traballo e o desemprego

- *O mercado de traballo: o seu equilibrio e imperfeccións.
- *O desemprego:
 - Medición
 - Tipos
 - Causas
 - Situación actual

- Posturas das escolas económicas.

Unidade didáctica 9: O contexto internacional da economía: a Unión Europea.

Contidos

Tema 13: O comercio internacional e o mercado de divisas.

- * O comercio internacional: as súas vantaxes.
- * O libre comercio e o proteccionismo. Obstáculos á liberdade de comercio entre os países.
- * Organismos internacionais de comercio
- * Relacións económicas internacionais.
- * A globalización económica: aspectos positivos e negativos. Causas e efectos.

Tema 14: A balanza de pagos e o tipo de cambio

- * A Balanza de Pagos. Compoñentes.
- * Os mercados de divisas. Tipos e sistemas de cambio.

Tema 15: A Unión Europea e a Unión Monetaria

- * A Unión Europea:
 - Cooperación entre os países membros.
 - Institucións
 - Presuposto.
 - Políticas comúns
 - Ampliación
 - * Unión Económica e Monetaria
 - * O Euro

4.- AVALIACIÓN

4.1.- Procedementos e instrumentos de avaliación

Valorarase:

- A **participación** do alumno/a no desenvolvemento das sesións (incluída a asistencia ás clases e a puntualidade), a calidade das súas intervencións, a realización dos traballos e actividades propostas pola profesora tanto a realizar na aula como na casa, o respecto polos/as compañeiros/as e profesora, e polas opinións dos demais, aínda que non coincidan coas súas. Valorarase cun máximo dun punto na nota de cada alumno/a, tanto en cada avaliación como na nota final, á alza (actitudes positivas) ou á baixa (actitudes negativas), e normalmente servirá para redondear a nota acadada segundo o resto dos criterios de avaliación.
- A nota acadada polos alumnos nas **probos escritas** que se realizarán durante o curso. Estas probas poderanse realizar fora de horario lectivo, principalmente as de recuperación tanto de avaliacións como de pendentas. A utilización por parte do alumno/a de calquera método ou aparello que supoña copiar ou facer algún tipo de trampa na realización de calquera proba escrita implicará o suspenso con nota de cero na mesma.

- Dous traballos. O primeiro consistente na elaboración dun presuposto familiar que os alumnos/as deberán presentar (segundo as instrucións marcadas pola profesora) na 1ª avaliación. O segundo sobre os contidos do tema 15 na 3ª avaliación.
A profesora dará instrucións na clase sobre os contidos de ditos traballos e os traballos que non se fagan seguindo eses contidos ou presentados e non realizados polo alumno/a (copiado doutros, baixado literalmente de internet,...), considerarase non presentados a tódolos efectos, e unha falta de respecto a compañeiros e profesora. A presentación dos traballos é obrigatoria.

4.2.-Criterios de cualificación

*****O alumnado de 2º de Bacharelato coa disciplina de Economía pendente.**

Ó alumnado nesta situación, presentaranse as mesmas probas escritas que realicen os alumnos de 1º de bacharelato. Como teñen a avaliación final en Maio, faráselles unha proba escrita final a finais de abril, cos temas pendentes de avaliar e ás avaliacións suspensas. Todas estas probas terán os mesmos criterios de cualificación que o resto de alumnado de 1º de bacharelato.

***** Alumnado de 1º de Bacharelato:**

-Primeiro trimestre: temas 1, 2, 3, 4, 5. Farase unha proba escrita dos temas 1, 2, e 3 con preguntas que terán un valor total de 9 puntos, o que se lle sumará ata un punto en función da calidade e consistencia do traballo presentado (presuposto familiar). Tamén se fará outra proba escrita dos temas 4, 5 con preguntas que terán un valor total de 10 puntos, indicándose na mesma o valor de cada pregunta.

A nota da avaliación calcularase como a suma do 45% da nota acadada polo/a alumna/o na proba escrita dos temas 1, 2 e 3 máis no traballo sobre o presuposto familiar, e do 55% da nota da proba escrita dos temas 4, 5.

Para aprobar a primeira avaliación o/a alumno/a debe ter unha nota media de 5 ou superior sendo obrigatoria a realización do traballo.

-Segundo trimestre: temas 6, 7, 8 e 12. Farase unha proba escrita dos contidos dos temas 6 e 7, e outra dos temas 8 e 12, valorando cada proba de 0 a 10 puntos, e indicando nas mesmas o valor de cada pregunta. A nota da avaliación será a media aritmética da puntuación obtida polo/a alumno/a nas dúas probas escritas (súmanse as dúas notas e divídese o resultado por dous).

Para aprobar a segunda avaliación o/a alumno/a debe ter unha nota de 5 ou superior.

-Terceiro trimestre: temas 9, 10, 11, 13, 14 e 15. Faranse dúas probas escritas, unha dos temas 9, 10 (con preguntas que sumarán un total de 10 puntos) outra dos temas 11, 13 e 14 (con preguntas que sumarán un total de 8.5 puntos). O/as alumnos/as presentarán un traballo sobre contidos do tema 15 que se valorará cunha nota de entre 0 e 1,5 puntos en función da súa calidade e contidos..

A nota da avaliación calcularase multiplicando por 0.5 a nota da primeira proba escrita e por 0.5 a nota da segunda máis do traballo do tema 15.

Para aprobala avaliación hai que ter unha nota media mínima de 5.

-Recuperacións:

Os alumnos que en cada avaliación acudan regularmente a clase e non aproben, pero que teñan unha nota media igual ou superior a 3 ou algunha proba escrita aprobada, terán dereito a unha proba escrita de recuperación, que no caso da primeira e segunda avaliacións realizarase ó comezo da seguinte avaliación, e no caso da terceira avaliación farase antes da avaliación final.

Nestas probas de recuperación (que serán dos temas da/s proba/s escrita/s suspensa/s da avaliación correspondente) indicárase o valor de cada pregunta. Para aprobar os alumnos terán que ter unha nota igual ou superior a 5 dun total de 10 puntos.

- Na **avaliación final** a nota da primeira e terceira avaliacións valerán cada unha un 35% e a da segunda avaliación un 30%, da nota final de cada alumno/a. Os que unha vez feito este calculo acaden unha puntuación igual ou superior a 5 terán aprobada a materia.

- Os demais terán que recuperala na **convocatoria extraordinaria de setembro**.

NOTA: Nas probas escritas de recuperación, incluída a extraordinaria de setembro a nota máxima será de 7 . (Valoraranse os temas de 0 a 10 puntos e os que quiten unha puntuación de 9 ou 10 terán un 7 cara a media, os que quiten un 7 ou 8 terán un 6, e os que quiten un 5 ou 6 terán un 5). O/as alumnos/as que quiten unha nota inferior a 5 terán esa mesma nota cara o cálculo da nota final.